



O Real Decreto 1496/87 sobre directrices xerais de planos de estudio, establece que estes poidan valorar como créditos do *curriculum* a realización de prácticas en empresas, e en consonancia co establecido son moitos os planos de estudio da Universidade de Santiago de Compostela que contemplan tal posibilidade.

Para os efectos do recoñecemento das prácticas en empresas nos *curricula* dos alumnos, a Xunta de Goberno, no seu Acordo do 3 de xuño de 1996, no capítulo II do título VII, establece os elementos procedementais e os contidos mínimos a que se deberán axustar a realización de prácticas en empresas, sendo fundamento de tal regulamentación os convenios previos coas empresas ou institucións e unha posterior convocatoria pública que realizará o Rectorado.

Á vista da complexidade do procedemento e a pluralidade de interesados no desenvolvemento das prácticas en empresas, estimase conveniente desenvolverlo citado acordo da Xunta de Goberno, e polo exposto este Rectorado resolveu:

I. NORMAS XERAIS

PRIMEIRO.- OBXECTO

1.1. A realización de prácticas en empresas ou en institucións públicas ou privadas para que sexan recoñecidas nos *curricula* dos alumnos que estean a cursar planos de estudio renovados conducentes a títulos oficiais, regularase polo disposto no Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996, pola presente Resolución, polos convenios que se asinen, e polas disposicións de carácter xeral que sexan de aplicación.

SEGUNDO.- RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS

2.1. Soamente poderán recoñecerse e imputarse nos expedientes dos alumnos as prácticas que se realicen ó abeiro dun convenio previo asinado pola Universidade cunha empresa ou entidade pública ou privada.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

II. OS CONVENIOS

TERCEIRO.- CONVENIOS

3.1. As facultades, escolas ou departamentos elaborarán as propostas de convenio de acordo co disposto na presente Resolución, que se elevarán ó Rectorado trala aprobación da xunta do centro.

CUARTO.- CONTIDO DO CONVENIO

4.1. Os convenios que asine a Universidade para a realización de prácticas en empresas ou entidades públicas ou privadas, deberán conter polo menos os seguintes extremos:

- a) Obxecto das prácticas
- b) Número de prazas
- c) Tempo de realización das prácticas
- d) Horas das que constarán as prácticas e número de créditos que se imputarán
- e) Carácter dos créditos que se van imputar
- f) Requisitos para a selección
- g) Titor responsable na empresa ou institución para o desenvolvemento das prácticas
- h) Titor e órgano universitario responsable
- i) Comisión de seguimento facultade/escola - empresa/entidade
- j) Periodo de vixencia do convenio

4.2. Os convenios non poderán establecer nin cláusulas en contrario, nin procedementos diferentes ós establecidos no Acordo de Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996 e na presente resolución.

QUINTO.- SINATURA DOS CONVENIOS POR PARTE DA UNIVERSIDADE

5.1. Os convenios serán asinados polo rector da Universidade, sen prexuízo das delegacións que para iso se poidan realizar.



III. XESTIÓN DOS CONVENIOS

SEXTO.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS

6.1.- Convocatorias

6.1.1. O Rectorado elaborará conxuntamente para tódalas titulacións as convocatorias para a realización de prácticas en empresas. Estas convocatorias faranse públicas coincidindo co inicio de cada trimestre.

6.1.2. Antes de publicar cada convocatoria requirirase ás facultades e escolas a concreción dos elementos necesarios do convenio para facer pública a convocatoria.

6.2.- Contido das convocatorias

As convocatorias deberán conter, como mínimo:

- a) Empresa ou institución na que se realizarán as prácticas, con expresión do lugar onde se realizarán
- b) Titulacións ás que poderá imputarse
- c) Número de prazas
- d) Número de horas e equivalencia en créditos dos que constarán as prácticas
- e) Tempo e horario de realización das prácticas
- f) Materias ou concepto ó que se imputarán as prácticas
- g) Requisitos académicos para concorrer á realización das prácticas
- h) Prazo de solicitudes
- i) titor responsable por parte da Universidade, e titor responsable por parte da empresa

SÉTIMO.- SELECCIÓN DOS ALUMNOS

7.1. A selección dos alumnos realizaraa a Universidade segundo o que se dispón a seguir:



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no

a) Selección exclusivamente por expediente

De terse en conta soamente a valoración do expediente, será o Rectorado o que realice a selección dos alumnos. A valoración do expediente realizarase consonte o disposto no apartado 18.1 do Acordo da Xunta de Goberno do 3 de xuño de 1996.

b) Selección consonte a criterios que figuren no convenio

Se ademais do expediente, o convenio requirise ter en conta outros criterios, a selección realizaraa o rector por proposta da comisión de selección que se regulamenta no apartado seguinte.

En calquera caso deberá valorarse o expediente, que polo menos supoñerá o 70% da puntuación pola que se seleccionará os alumnos.

7.2. Á vista da natureza das prácticas e do período no que se convoquen, as resolucións de selección de alumnos poderán establecer relacións de admitidos para futuras convocatorias, ou ben, para o suposto de que nunha convocatoria non formalizaran matrícula tódolos alumnos seleccionados, relacións de alumnos en expectativa de ingreso a resultas de vacantes.

7.3. Soamente poderán ser seleccionados, sen prexuízo do seu expediente ou da proposta da comisión de selección, os alumnos que non teñan cuberto o número máximo de créditos autorizado polos planos de estudo para prácticas en empresas ou, de se-lo caso, créditos de libre configuración curricular.

OITAVO.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

8.1. Obxecto

Se os convenios establecen a posibilidade de valorar outros elementos distintos do expediente, será unha comisión de selección que se constituirá en cada facultade ou escola a que realizará a dita valoración, tendo en conta os criterios que estableza o convenio.

8.2. Composición

A comisión de selección estará composta polo Decano ou Director do Centro ou Departamento, quen a presidirá, e dous profesores univertarios mais; e dous persoas designadas pola empresa.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asemade, e se o convenio o establece ou así o considera a comisión de selección, poderán asistir, con voz pero sen voto, os especialistas que se estimen necesarios.

8.3. Proposta de selección

Unha vez avaliadas as solicitudes, farase pública unha resolución na que figuren tódolos solicitantes, ordenados consonte a valoración definitiva (expediente mais méritos), e os criterios seguidos pola comisión para a valoración dos méritos.

Contra a dita resolución provisoria poderase interpoñer reclamacións no prazo de tres días hábiles, que serán resoltas pola comisión no prazo de tres días.

Resoltas as reclamacións ou trascorrido o prazo para a súa presentación sen que se presentara ningunha, procederá remitir ó rectorado a proposta de alumnos seleccionados, alumnos en expectativa de ingreso a resulta de vacantes, se procede e alumnos excluídos.

IV. MATRÍCULA, ACTAS E EXPEDIENTE

NOVENO.- MATRÍCULA

9.1. Una vez seleccionados, os alumnos deberán formalizar matrícula nos prazos que se establezan. A matrícula reportará os prezos públicos establecidos en función do número de créditos que se recoñeza ás prácticas.

9.2. Non formalizar matrícula nos prazos establecidos suporá que o alumno decae nos seu dereito de matricularse, e de se-lo caso, procederá a convocatoria de alumnos en expectativa a resultas de vacantes.

DÉCIMO.- AVALIACIÓN DOS ALUMNOS

10.1. A avaliación das prácticas realizaraa a Universidade a través do profesor tutor, que para tales efectos deberá ter en conta:

- a) Memoria que deberá realiza-lo alumno ó remate das prácticas
- b) Informe do tutor da empresa
- c) Criterios de avaliación que estableza a comisión de seguimento



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

10.2. A avaliación reflectirase nas actas coas mencións "Apto" ou "Non Apto"

DÉCIMO PRIMEIRO.- ACTAS

11.1. Por cada convocatoria de cada unha das prácticas elaborárase unha acta, asinada polo profesor titor encargado delas e mailo secretario do centro.

11.2. Para a confección, entrega, conservación e custodia das ditas actas seguirase o procedemento xeral e requisitos recollidos no título III do acordo da Xunta de Goberno de 3 de xuño de 1996.

DÉCIMO SEGUNDO.- EXPEDIENTE DO ALUMNO

12.1. As prácticas en empresas imputaranse no expediente do alumno como créditos optativos ou como créditos de libre configuración, atendendo ó que estableza o plano de estudos e a situación do expediente do alumno.

12.2. No expediente do alumno reflectirase a empresa ou institución na que realizou as prácticas, farase unha breve referencia do contido destas, o número de créditos e a mención que se derive da avaliación.

12.3. As prácticas imputaranse á primeira convocatoria na que se realicen exames da materia que se curse en réxime ordinario, e de non relacionarse con materias, imputaranse á convocatoria de xuño.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Poderanse recoñecer créditos por prácticas en empresas ou en entidades públicas e privadas ós alumnos que realicen prácticas ou que presten os seus servizos na Universidade, e conforme ó que se dispón a seguir:

RECOÑECEMENTOS DE PRÁCTICAS NA ÁREA DA ADMINISTRACIÓN

Se poderán recoñecer como prácticas en empresas as actividades que se desenvolvan na administración universitaria, ben por unha relación de servizos retribuídos, ou ben por ser beneficiarios de calquera tipo de bolsa.

Neste suposto e a vista dos informes da xerencia sobre as actividades que realizou o alumno e ó da xunta de facultade ou escola, o Rector procederá a dictar resolución de recoñecemento ou de destimación.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

Podéranse recoñecer como prácticas en empresas, as realizadas con anterioridade á presente resolución sempre que estiveran amparadas nun convenio asinado polo rector, ou de non selo, que sexa convalidado.

O recoñecemento das prácticas realizarao o rector.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 1997

RECTOR.

Darío Villanueva Prieto

Enviado a:

Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións, Vicerrector de Coordinación do Campus de Lugo, Valedor do Estudiante, Secretario Xeral, Presidente do Consello Social, Vicexerente do Campus de Lugo, Decanos e Directores dos centros da USC, Xefe Servicio de Alumnado, Xefe dos Servicios Informáticos, Xefe do C.O.I.E. e Xefes das Unidades de Xestión Académica.